

Platón. Concepción da realidade (Ontoloxía) + concepción do coñecemento (Gnoseoloxía)

A teoría das ideas: o dualismo de mundos.

O tema central da filosofía de Platón xira en torno á consideración de que o mundo físico que coñecemos polos sentidos non pode ser plenamente real. Sendo como é un mundo inestable e imperfecto, en constante cambio e degradación, integrado por unha pluralidade de obxectos e seres particulares, non podemos obter del coñecementos seguros. E como o coñecemento non pode estar suxeito a erros, senón que ten que asentarse na certeza, ten que ser coñecemento de algo permanente, universal e perfecto; polo tanto, se consideramos que existe un coñecemento verdadeiro, entón, ten que existir un mundo de realidades estables e universais. Un mundo ideal, perfecto, que existe realmente, distinto e anterior ao mundo físico: o **Mundo das Ideas**.

Este mundo material, o **mundo sensible** (que é o mundo das cousas e seres que podemos percibir por medio dos sentidos) non é máis que unha **copia** ou **imitación** do mundo das ideas. Deste xeito, con esta teoría dos dous mundos (**dualismo ontolóxico**), Platón explica a realidade a base de levar a cabo unha duplicación do mundo: o **mundo intelixible** e plenamente real das **Ideas** e o **mundo sensible** das apariencias (do que parece ser real, pero non o é). Na **República** esta contraposición entre os dous mundos é expresada mediante o famoso **Mito da caverna**.

O mundo sensible.

É o mundo visible, material, percibido polos sentidos (por iso chámase "sensible"), sometido a xeración e a corrupción, en permanente cambio (devir), constituído por unha pluralidade de seres e obxectos. A visión que Platón ten do mundo sensible está fortemente influenciada pola doutrina do filósofo presocrático **Heráclito de Éfeso**, quen defendía a teoría do *panta rei*: todo flúe, nada permanece. Segundo Platón, as cousas participan das Ideas, tamén podemos dicir que as imitan: por exemplo, a rosa é bela porque participa (ou imita) a Idea de Beleza. Este mundo non é o verdadeiro ser, senón tan só unha aparencia de ser.

O Mundo das Ideas.

Trátase dunha realidade invisible, inmaterial, polo tanto, non perceptible por medio dos sentidos, tan só se capta pola **intelixencia (nous)**, por iso dicimos que

é unha realidade intelixible. É un mundo de realidades absolutas, eternas, inmutables, universais e independentes do mundo físico. Estes rasgos do mundo das ideas correspóndense cos atributos que o filósofo presocrático **Parménides de Elea** asignaba ao ser ou ente, á realidade, ao que existe. Así, pois, dicimos que algunhas cousas ou persoas son "boas", "xustas" ou "fermosas"; pero, segundo Platón, existen o Ben, a Xustiza e a Beleza. Destas realidades absolutas derivan a súa identidade as cousas e seres que chamamos bos, xustos e belos. Polo tanto, ademais das cousas do mundo físico existen as **Ideas**, que constitúen unha realidade máis auténtica que o mundo físico. As ideas non son simplemente conceptos ou representacións mentais, como nos suxire o concepto actual de "idea", que procede da **Filosofía moderna**. Para **Descartes**, **Locke** ou **Hume** as **ideas** son contidos do pensamento, atoparíanse, pois, no que nós denominamos, a mente. Para **Platón**, as Ideas son a realidade mesma e non son conceptos ou contidos da mente, e existen independentemente das cousas materiais, como xa dixemos. Cada Idea é única, eterna, inmutable e inalterable; as Ideas posúen, polo tanto, características totalmente contrarias aos seres do mundo sensible. Así, as ideas son realidades permanentes e inmutables, mentres que os seres do mundo físico se caracterizan pola súa mutabilidade e corruptibilidade. As ideas son as esencia das cousas, é dicir, o que fai que cada cousa sexa o que é. As Ideas son o que teñen en común seres de aparencias distintas, pero da mesma esencia: homes de sociedades distintas, de culturas diversas, teñen en común que todos participan ou imitan a Idea de Home. As ideas son, polo tanto, principio de unidade fronte ao carácter plural e diverso do mundo sensible. Existen múltiples Ideas, xerarquicamente estruturadas. Esta organización xerárquica das Ideas está presidida pola idea de Ben, que se identifica coa Verdade e a Beleza. O Ben é o sol do *Mito da caverna* que ilumina todo o mundo intelixible e que arroxa a luz que nos permite ver (comprender) a realidade.

Imitación e Participación.

Aínda que entre estes dous mundos existe un abismo (*jorismós*), relaciónanse entre eles. Platón utiliza distintas metáforas para describir esta relación entre os dous mundos: a **participación** (*methesis*), así afirma que as cousas participan das Ideas; a **imitación** (*mímesis*), as cousas imitan as Ideas, que son os prototipos ou os modelos eternos; pero, tamén, emprega outros conceptos que lle serven para dar conta da relación entre os dous mundos, como **presencia** (*parousía*) ou comunicación (*koinonía*), para indicar que, aínda que se trate de dous mundos

diferentes, están relacionados, aínda que o mundo sensible sexa aparente e o mundo intelixible, real.

Os distintos niveis da realidade e os grados do coñecemento.

[Ver na AV: Mapa Conceptual *Símil da Liña* + Audio *Símil da Liña*]

Nunha famosa pasaxe de *República*, coñecida como *O símil da liña*, Platón traza un paralelismo entre os diversos **niveis da realidade** e os correspondentes **graos de coñecemento**. Dentro do **mundo sensíbel**, o nivel máis baixo de realidade ven dado polas **imaxes** (eikónes) das cousas e os seres sensibles. O seguinte nivel de realidade está constituído polos **obxectos** e **seres materiais**. No **mundo intelixible** tamén existen dous niveis de realidade, nun primeiro nivel situaríanse as **entidades matemáticas** (xa que son obxectos intelixibles que non se perciben polos sentidos, senón que tan só capta a nosa razón), no nivel máis elevado da realidade atopamos as **Ideas**. A estes catro niveis de realidade correspóndenlle catro **graos de coñecemento**, a saber, a **imaxinación** (eikasía) e a **crenza** (pístis) son os dous graos de coñecemento propios do mundo sensible, e constitúen un tipo de coñecemento que está máis próximo á ignorancia que ao saber e que Platón da en chamar **opinión** (*dóxa*). Mentres que o verdadeiro coñecemento está ligado ao mundo intelixible e divídese en dous grados que Platón identifica coa **ciencia** (*epistéme*) ligada á **razón discursiva** (diánoia), que é a facultade de coñecemento propia das matemáticas, e a **intelixencia pura** (nous, nóesis), por medio da que coñecemos ás Ideas e que xera un saber científico que é a **dialéctica**, a ciencia que estuda ás Ideas. Dende esta perspectiva, o filósofo é o dialéctico, na medida en que consagra a súa vida ao estudo das Ideas. Este *Símil da liña* ten a súa correspondencia no *Mito da caverna*, xustamente naquela pasaxe na que o prisioneiro liberado vai descubrindo, coñecendo, progresivamente a realidade, o exterior da cova, vendo primeiro as sombras, logo as imaxes das cousas, despois as cousas mesmas e finalmente o sol.

A teoría da *anámnese* ou reminiscencia.

No *Mito do carro alado* Platón explica a **división tripartita da alma** facendo unha comparación cun carro que percorre os ceos (o mundo das Ideas). O auriga que conduce o carro alado é a **alma racional**, o cabalo dócil, que se deixa guiar polo auriga, ven sendo a **alma irascible**, e o cabalo indócil, que fai que o carro enteiro (a alma) caiga á terra (o mundo sensible), é a **alma apetitiva** ou **concupiscible**.

Unha vez que a alma cae no mundo sensible encarna nun corpo (**teoría da reencarnación**). Platón considera que o corpo é fonte de impurezas e

contaminación para a alma, debido aos desexos e paixóns. Por este motivo, a alma esquece o máis elevado e nobre que existe, a saber, as Ideas.

Pero a alma pode recordar o que xa sabía, posto que **coñecer** non é máis que **recordar** o que a nosa alma xa contemplara cando habitara no mundo intelixible, pero que ao *meterse* nun corpo esqueceu.

Platón considera que hai dous xeitos de recordar as Ideas. Un modo de recordar o que a alma xa sabía é por medio da **percepción** dos seres e cousas do mundo sensible, posto que as entidades deste mundo aseméllanse en certa medida as Ideas, xa que as imitan. Por tanto, o **coñecemento sensible** non carece de valor, pois actúa como catalizador para provocar o recordo das Ideas. Así, a percepción dunha escultura bela, dun xoven belo, ou dun cabalo belo, pode provocar o recordo da Idea de Beleza que a alma contemplara (intelectualmente, nous, noésis) cando viveu no mundo intelixible.

A outra forma de recordar as Ideas é a través do **diálogo**. O filósofo é o **dialéctico** que, por medio das preguntas precisas, é quen de provocar en nós o recordo das Ideas que estaba agochado no máis profundo da nosa alma. Hai na **dialéctica platónica** claras influencias do diálogo socrático, pero tamén hai unha diferenza relevante, a saber, que mediante o xogo de preguntas e respostas Sócrates pretende alcanzar unha definición común dos termos ético-políticos, mentras que o diálogo platónico busca recordar as Ideas (que non son nin definicións nin conceptos).